



42 millóns de euros á contratación de 4.000 persoas desempregadas mediante programas de cooperación cos concellos



- O programa está dirixido a traballadores que presten servizos nas corporacións locais e que ten por obxectivo fomentar o emprego e diminuír as tensións financeiras que está a provocar a crise económica e a baixa dos ingresos do Estado nas facendas locais da comunidade.

13

A Xunta reducirá en dous terzos a tramitación dos expedientes da Lei de dependencia, da que xa se beneficia un 70% máis de cidadáns que en abril de 2009



- O DOG (DOG nº 34, do 19.02.2010) publicou o novo Decreto de dependencia.
- A nova normativa reducirá os tempos de tramitación de doce a seis meses e recoñecerá o dereito aos dependentes falecidos durante o proceso.

9

O ISSGA pon en marcha unha campaña de concienciación e sensibilización para previr os accidentes laborais

9

Galicia terá a finais de ano 4.200 prazas para persoas con discapacidade, 336 máis que no 2009

9

INFORME DO PARO REXISTRADO

Galicia rexistrou no mes de febreiro un total de 234.171 persoas desempregadas, 2.543 máis que no mes anterior

- O incremento do paro en Galicia sitúase por debaixo da media estatal, que foi dun 2,03 por cento fronte ao 1,1 por cento da comunidade.

5

Emprego	2-5	Dependencia	8-9
Seguridade e saúde laboral	6	Benestar	10
Xuventude	7	Publicacións	11
Biteb's	7-8	Normativa	11-20

O Plan de choque fronte á crise beneficiou a máis de 30.000 traballadores e consolidou 24.800 empregos



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presentou en rolda de prensa o balance do Plan de medidas urxentes fronte á crise, posto en marcha polo Goberno galego no pasado mes de xullo
- ▶ Este plan –no que se implicou toda a Administración autonómica– mobilizou preto de 1.200 millóns de euros procedentes da reorientación doutras partidas e do plan de austeridade
- ▶ O proxecto artellouse ao redor de catro liñas de actuación: fomento do emprego, fomento da produtividade e do tecido industrial, apoio ás familias e outras medidas sociais e operacións de financiamento e avais.

Santiago, 3 de febreiro de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, informou que o coñecido como "Plan de Choque" –posto en marcha no pasado mes de xullo– beneficiou a máis de 30.000 traballadores galegos, ademais de consolidar ao redor de 24.800 empregos. A isto hai que sumarlle os apoios que ofreceu ao tecido produtivo galego a través de avais e outras axudas, xunto coas achegas realizadas en medidas sociais.

Mato explicou, en rolda de prensa, que estes 30.000 traballadores repártense nuns 19.000 que se beneficiaron de programas formativos e de inserción laboral, aos que se suman os 4.000 contratados a través da partida excepcional para os programas de cooperación e os 7.000 mobilizados grazas ás obras en infraestruturas.

Durante a súa intervención, a titular do departamento autonómico lembrou que este Plan de medidas urxentes fronte á crise mobilizou preto de 1.200 millóns de euros, procedentes da reorientación doutras partidas e do plan de austeridade. Con todo, recordou que se trata dun plan "urxente", que agora dará paso a medidas a medio prazo que se incluírán no Plan Autonómico de Emprego 2010-2013, que xa se está a negociar cos axentes sociais –ao igual que se fixo co Plan de choque–.

O Plan de medidas urxentes artellouse en torno a catro liñas de actuación: fomento do emprego, fomento da produtividade e do tecido industrial, apoio ás familias e outras medidas sociais, e, finalmente, operacións de financiamento e avais.

Fomento do emprego

Así, Mato informou das principais medidas de cada un destes eixos. No que se refire ao fomento do emprego, a conselleira fixo fincapé no orzamen-

to extraordinario de 30 millóns que se destinou aos Plan de cooperación local e institucional. Esta contía adicional permitiu a contratación de 4.075 desempregados.

Ademais, lembrou que a esta cifra habería que sumarlle as 3.957 persoas contratadas a través do orzamento ordinario destes plans, co que resultarían beneficiarios ao redor de 8.000 galegos e galegas. A isto, habería que engadir os 4.000 galegos e galegas que tomaron parte nos obradoiros de emprego e escolas obradoiros.

Támén no eido do fomento do emprego, o Plan de choque permitiu destinar 24,4 millóns á formación de traballadores, co fin de mellorar a súa cualificación profesional. Grazas a este investimento, realizáronse 1.320 cursos dos que se beneficiaron 15.828 persoas.

Nesta mesma liña de actuación, tamén se achegaron un total de 6,3 millóns de euros para a recolocación de traballadores en situación de desemprego, procedentes de sectores en crise ou de Expedientes de regulación de emprego (ERE), un investimento do que se beneficiaron 3.240 traballadores. Deste total, detallou a conselleira, "preto do 35 por cento estará insertado no mercado laboral cando rematen os programas formativos, que están neste momento en execución".

Fomento da produtividade e do tecido industrial

A conselleira tamén explicou as medidas levadas a cabo no eido do fomento da produtividade e do sector industrial, no que se inclúen os investimentos en infraestruturas, plans de fomento da competitividade industrial, medidas de dinamización do medio rural e outras actuacións de fomento

industrial.

No que se refire ás infraestruturas, Mato asegurou que os 444 millóns investidos en licitación, permitiron mobilizar 7.000 postos de traballo. Neste sector, levouse a cabo un plan extraordinario de mellora da seguridade viaria, dotado de 24 millóns de euros, e que na actualidade ten xa executado a maior parte das 150 accións que incluía.

En infraestruturas tamén se puxo en marcha un plan de saneamento e mellora hidráulica, composto por sete actuacións e que contou cun investimento de 14,1 millóns de euros, unha cifra á que hai que sumar os 8,4 millóns de euros das obras de instalación de colectores xerais en Ribeira, que está pendente de licitación.

Estas actuacións supuxeron "un volume de licitación continuo", un camiño que "se manterá e se incrementará ao longo do 2010, porque o Goberno galego está convencido de que os investimentos en infraestruturas públicas son unha das claves para xerar emprego".

No fomento da produtividade e do tecido industrial, tamén se incluíu o Plan Re-móvete, que xerou un volume de negocio duns 370 millóns de euros grazas aos 15,75 destinados pola Xunta para mobilizar as vendas de automóviles. Isto permitiu consolidar os empregos de 24.800 traballadores ocupados neste sector.

No eido do medio rural, a Xunta investiu un total de 20 millóns para axudas directas a explotacións leiteiras endebedadas, que beneficiaron a preto de 8.000 explotacións gandeiras; ademais de dous millóns para a campaña de incendios, grazas aos que se contrataron 266 brigadistas co que se incrementou en 38 brigadas máis o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia.

O fomento do tecido industrial tamén repercutiu no sector industrial, a través dos investimentos en producións e coproducións audiovisuais en lingua galega, con 4,8 millóns de euros. A maiores, un total de 1,4 millóns de euros foron destinados a subvencionar a creación audiovisual, ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais, á produción de curtametraxes e ao desenvolvemento e produción de contidos interactivos.

Medidas sociais e de apoio ás familias

A conselleira tamén desagregou as medidas máis importantes de carácter social levadas a cabo dentro do Plan de choque. Neste sentido, destacou os 27,7 millóns "extra" destinados á Lei de dependencia, o que permitiron atender –entre setembro e decembro– un total de 5.344 persoas en situación de dependencia, dos que 4.321 foron grandes dependentes.

"Con este pulo conseguimos incluír no sistema, en 2009, un total de 10.000 persoas en atención á dependencia en 9 meses", declarou Mato, que destacou que a este esforzo orzamentario súmase unha inxección de 60 millóns de euros para pagar atrasos a dependentes, que permitirá atender a 6.000 persoas máis nos próximos tres meses. En total –e tendo en conta o investimento realizado na contratación de persoal–, a Xunta terá destinado un esforzo adicional para á dependencia de ao redor de 100 millóns de euros, sinalou a titular do departamento autonómico.

No que se refire ás medidas sociais, tamén se reduciu o tipo impositivo de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documenta-

Feijóo destaca que a Xunta financiará con 42 millóns de euros a contratación de 4.000 persoas desempregadas mediante programas de cooperación cos concellos

dos para o fomento de acceso á vivenda, que inclúe unha rebaixa fiscal aos menores de 36 anos e familias numerosas, e posibilitou a reactivación do mercado inmobiliario.

Támén hai que ter e conta as subvencións para facilitar a mobilidade xeográfica dos desempregados que atopasen traballo fóra da súa residencia habitual. A estas axudas achegouse un total de 750.000 euros e beneficiou a 26 persoas (isto é, a todas aquelas persoas que o solicitaron).

Operacións de financiamento e avais

Por último, Mato fixo referencia ás medidas máis importantes levadas a cabo no eido do financiamento e dos avais. Neste sentido, citou o programa Re-imaxina, que se trata dun programa de apoio ao investimento de pemes e microempresas, consistente en facilitar liñas de financiamento a xuros reducidos e sen gastos a través das entidades financeiras. En total, o IGAPÉ recibiu 488 solicitudes para mobilizar préstamos por valor de máis de 11 millóns de euros.

No Plan de choque tamén se incluíron os programas Re-solve e Re-brote, que autorizaron 830 solicitudes para mobilizar préstamos para circulante por importe de 94 millóns de euros. Mato tamén se referiu ao programa Re-móvete industrial, destinado a apoiar o investimento do sector da automoción.

"Todo este grupo de actuacións de financiamento e avais axudou a que moitas empresas sigan funcionando nun momento difícil no que as entidades financeiras están a esixir máis garantías. Todo isto redunda no emprego", aseverou a conselleira.

Finalmente, Mato concluíu que o balance do Plan de choque "é positivo", especialmente tendo en conta "a pouca marxe de tempo e de recursos" dos que dispuxo o Goberno galego, que realizou "un gran esforzo". Con todo, insistiu en que a Xunta xa está a traballar en medidas a medio prazo no marco do diálogo social.

Ademais, a conselleira reflexionou que todas estas medidas, tomadas no fomento do emprego, obra pública, avais e outros, permitiron tanto a incorporación ao mercado laboral de traballadores, como o seu mantemento. Isto "contribuíu a que os índices de desemprego mantiveran un importante diferencial co Estado", que na última Enquisa de Poboación Activa se situaba ao redor dos seis puntos de diferenza.



- ▶ Destaca que o programa está dirixido a traballadores que presten servizos nas corporacións locais e que ten por obxectivo fomentar o emprego e diminuír as tensións financeiras que está a provocar a crise económica e a baixa dos ingresos do Estado nas facendas locais da comunidade
- ▶ Informa de que a Xunta porá en marcha a Rede de centros para a modernización e a inclusión tecnolóxica que busca "aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles na comunidade" e prevé, neste ano, a realización de 100 cursos, en 14 categorías diferentes e en 84 concellos.

Santiago, 25 de febreiro de 2010.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo destacou que o Executivo galego destinará 42 millóns de euros para a contratación de 4.000 persoas desempregadas a través de programas de cooperación que levará a cabo cos concellos de Galicia. Na rolda de prensa posterior á reunión do Consello, o mandatario galego apuntou que o programa permitirá, tamén, "aliviar" a situación financeira que atravesan os municipios da nosa comunidade.

Segundo precisou, a iniciativa irá destinada a traballadores que presten servizos nas corporacións locais co obxectivo de fomentar o emprego e diminuír as tensións financeiras que está a provocar a crise económica e a baixa dos ingresos do Estado nas facendas locais da comunidade.

Detallou que o programa priorizará aquelas persoas desempregadas que teñen esgotadas todas as súas prestacións por desemprego. "Permite aos concellos levar a cabo contratacións anticipadas como, por exemplo, poder contratar xa a todas as cuadrillas Grumir e non ter que esperar ao mes de maio ou xuño como ocorría antes", observou. Ademais, engadiu que priorizará, tamén, sectores estratéxicos en crise, como o sector da lousa.

A Xunta, tal e como explicou, estudará as propostas que fan os concellos acerca de que contratacións queren contar, que tipo de persoas queren empregar ou o tipo de servizos públicos que queren atender e, a partir de aí, "seleccionará" aqueles que presenten as mellores propostas en canto a fomento do emprego e atención a determinados servizos públicos.

Neste contexto, sinalou que o Goberno galego segue a traballar no Plan de Emprego Autonómico 2010-2013, que se está a debater na mesa de

diálogo social. Lembrou que estará dotado con 1.200 millóns de euros e que irá destinado a promover o emprego en catro colectivos: os mozos, as mulleres, os autónomos e emprendedores e as persoas con discapacidade ou en risco de exclusión; e que "en función de como se desenvolva o diálogo social, se irán concretando as conclusións, os obxectivos e o alcance do plan".

Aposta polas novas tecnoloxías

"De acordo co Plan Estratéxico das Tecnoloxías, seguimos apostando polas tecnoloxías porque entendemos que é unha ferramenta básica, imprescindible, na segunda década deste século XX", dixo, en relación a outro dos acordos adoptados polo Consello, polo que se pon en marcha a Rede de centros para a modernización e a inclusión tecnolóxica de Galicia, a Rede CeMIT.

O presidente galego explicou que, ata o de agora, a comunidade contaba con 60 centros da Rede de dinamización da sociedade da información, 56 da rede de telecentros de comunicación e o Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia. "Iso era o que tiñamos, pero faltábanos un elemento que vertebrase todas esas iniciativas, unha estratexia de que facemos nestes centros e o que había que facer desde o punto de vista da formación", sinalou, para destacar que a Xunta vai apostar, neste eido, por unha estratexia "clara e definida".

"Ao longo deste ano todos estes centros terán unhas pautas de formación regrada, en todos eles faremos máis de 100 cursos con 14 categorías diferentes, en 94 concellos", abundou, e incidiu en que o obxectivo é tentar "aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles da Comunidade autónoma no que a tecnoloxía se refire". "Máis de 3.000 horas de formación que serán similares en todos os concellos, similares en todos os centros para buscar obxectivos comúns e resultados homologables na Rede de centros de tecnoloxía financiados pola Xunta de Galicia", concluíu.

Máis de 27,5 millóns de euros ao fomento e apoio dos autónomos ao longo deste ano



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, salientou a contía que os orzamentos recollen para este sector en resposta a unha pregunta parlamentaria
- ▶ A titular do departamento autonómico avanzou que xa se está a elaborar a orde que desenvolverá o Estatuto do Traballo Autónomo e que se publicará en 2010.

Santiago, 10 de febreiro de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou no Parlamento, na súa intervención durante unha resposta parlamentaria, que o orzamento da Xunta para este ano destinará máis de 27,5 millóns de euros ao fomento e apoio do emprego autónomo e emprendedor de Galicia.

A titular de Traballo e Benestar explicou que “o Goberno galego está a facer unha aposta polos

traballadores autónomos” e, por iso, destacou que se porán en marcha diversas medidas entre as que resaltou o Plan do Emprego Autónomo e Emprendedor, que irá enmarcado no Plan Autonómico de Emprego 2010-2013. Na actualidade, o documento estase a debater no seno do diálogo social.

Expuxo, así mesmo, que se porá en marcha o Consello Galego do Traballo Autónomo que será o órgano consultivo e de representación dos inte-

reses dos traballadores autónomos fronte á Administración.

Mato apuntou, ademais, que a Xunta está a traballar en varias liñas que nestes momentos se están a consensuar co sector, como son accións encamiñadas ao asesoramento ao emprego autónomo, axudas para a creación e posta en marcha do autoemprego e para a consolidación e mellora cualitativa do emprego autónomo, medidas de apoio ás iniciativas de autoemprego no ámbito local e de difusión e promoción para a mellora legislativa deste colectivo.

“Queremos fomentar unha nova cultura emprendedora en Galicia e nós pensamos que hai que dotar as iniciativas de autoemprego dun peso específico maior do que implica o simple concepto de traballo por conta propia”, salientou Mato.

Así mesmo, a conselleira resaltou que a Administración autonómica fortalecerá o movemento asociativo, incentivando por primeira vez en Galicia as actividades destas agrupacións e avanzou que o Goberno galego xa ten establecido o cronograma para desenvolver o Estatuto do Traballo Autónomo.

“Estamos xa a elaborar a orde que desenvolverá este decreto e que publicaremos ao longo deste ano”, adiantou Mato, quen explicou que o documento precisará os requisitos e o procedemento de inscrición no Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia, unha iniciativa posta en marcha por Traballo e Benestar.

Por último, Mato lembrou que a Xunta xa puxo en marcha a Mesa do Autónomo, un órgano de diálogo e debate que, segundo a conselleira, “era unha antiga demanda do sector”.

A Xunta creará o Consello Galego do Traballo Autónomo

A Coruña, 22 de febreiro de 2010.- A Xunta creará a finais do ano 2010 o Consello Galego do Traballo Autónomo, un instrumento que será o órgano consultivo e de representación dos intereses dos traballadores autónomos e adscrito á Consellería de Traballo e Benestar. Así o avanzou hoxe a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, na inauguración da sede da Asociación de Traballadores Autónomos (ATA) na Coruña. As novas oficinas serán un referente máis próximo para que os autónomos canalicen as súas inquedanzas e para fomentar melloras para o colectivo.

A conselleira de Traballo e Benestar adiantou, ademais da posta en marcha do Consello Galego do Traballo Autónomo, que a Administración autonómica levará a cabo ao longo deste ano outras medidas encamiñadas a apoiar a este sector, algunhas delas novas en Galicia. Ao respecto, Mato explicou que se incentivará por primeira vez na Comunidade autónoma o


movemento asociativo e representativo dos traballadores autónomos.

Así mesmo, no transcurso do acto, a conselleira anunciou que tamén se publicará este ano a orde que porá en marcha o Rexistro de Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos de Galicia, un mecanismo creado xa polo Goberno galego.

A normativa, na que está a traballar xa o departamento autonómico, desenvolverá os requisitos e o procedemento de inscrición neste rexistro. Ademais, establecerá a coordinación entre a oficina central, dependente da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, e as oficinas provinciais e servirá tamén para determinar os criterios de representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos e a composición e funcionamento do órgano encargado de declarar esta representatividade.

INFORME DO PARO REXISTRADO


Evolución do paro:



Parados mes
Variación relativa
mes anterior

Ceuta	8.903	4,84
Melilla	8.884	4,19
A Rioxa	22.633	3,56
Asturias	83.736	3,47
Castela-A Mancha	199.917	3,32
Valencia	506.989	2,72
Castela e León	196.489	2,52
Murcia	129.443	2,48
Aragón	93.405	2,34
Cataluña	597.287	2,3
Madrid	474.356	1,91
Extremadura	118.763	1,8
Andalucía	882.867	1,7
Cantabria	43.904	1,64
Canarias	257.939	1,58
Navarra	43.770	1,14
Galicia	234.171	1,1
País Vasco	137.143	1,07
Illes Balears	90.026	-0,62
TOTAL	4.130.625	2,03

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO GALICIA
(Mes en curso - igual mes do ano anterior)



Santiago, 2 de marzo de 2010.- Galicia pechou o mes de febreiro cun total de 234.171 persoas en situación de desemprego, o que supón un aumento do paro rexistrado de 2.543 persoas con respecto ao mes anterior. En termos relativos, este incremento cífrase nun 1,1 por cento, un punto por debaixo da media estatal, que se situou no 2,03 por cento.

A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, deu conta, en rolda de prensa, do balance dos datos do paro rexistrado correspondentes ao mes de febreiro. Durante a súa intervención, a representante autonómica destacou que, coas cifras deste mes, Galicia é a segunda comunidade autónoma –despois do País Vasco– onde menos aumenta o paro este mes (excluíndo Baleares, onde houbo un descenso).

No que se refire aos datos desagregados, a directora xeral apuntou que o paro aumentou en todas as

idades en homes e mulleres. No caso dos menores de 25 anos, o número de desempregados aumentou en 659 persoas (354 homes e 305 mulleres) con respecto ao mes anterior. Entre os maiores de 25, este incremento foi de 1.884 (1.330 homes e 554 mulleres).

Por sexos en xeral (incluíndo todas as franxas de idade), no caso dos homes o aumento foi de 1.684, e nas mulleres de 859.

No que se refire aos sectores, o paro aumentou en todos eles, agás na agricultura e na pesca, onde descendeu en 54 persoas (0,83 por cento). O incremento máis significativo en termos relativos foi no colectivo sen emprego anterior, con 696 persoas máis (2,93 por cento), mentres que en termos absolutos o aumento maior foi no sector servizos con 1.208 persoas desempregadas máis (0,94 por cento). Se seguimos a clasificación tendo en conta os termos absolutos, o segundo sector onde máis aumentou foi o colectivo sen empre-

go anterior, seguido pola industria (411 persoas, 1,15 por cento) e a construción (282 persoas, 0,75 por cento).

Por provincias, a directora xeral de Formación e Colocación apuntou que o número de desempregados aumentou nos catro territorios, producíndose o maior incremento en Pontevedra con 1.255 parados máis.

[Ver noticia e táboas](#)

Estatísticas mensuais



SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

O ISSGA pon en marcha unha campaña de concienciación e sensibilización para previr os accidentes laborais

- ▶ A campaña, enmarcada no Plan de Actividades 2010 do instituto, inclúe un plan de difusión nos medios de comunicación e no exterior cun circuito de valados por toda Galicia
- ▶ O ISSGA levará a cabo en próximas datas unha campaña de promoción dirixida a colectivos determinados, como escolares e alumnos e docentes de Formación Profesional, e accións de asesoramento para o colectivo dos autónomos e os sectores con alto risco de accidentalidade, como as Pemes.

Santiago, 15 de febreiro de 2010.- O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) puxo en marcha unha campaña de sensibilización que se denominará 'Coa prevención de riscos no traballo a vida espérate', coa que pretende concienciar e sensibilizar a toda a sociedade en xeral sobre a importancia da prevención laboral.

A directora do ISSGA, Adela Quinzá-Torreja, presentou os pormenores da campaña e salientou que "a súa finalidade é concienciar non só da necesidade de reducir os accidentes de traballo e as enfermidades profesionais, senón ir máis alá, e amosar as vantaxes da prevención como instrumento de mellora das condicións de traballo".

Engadiu, neste sentido, que "o principal é informar sobre os beneficios da prevención, de aí que escollésemos un lema positivo, A vida espérate".

A campaña, dun mes de duración, enmárcase no Plan de actividades 2010 do ISSGA. Consiste, en concreto, nun plan de difusión nos medios de comunicación (televisión e radio), así como anuncios en prensa e na Internet. Ademais, dun circuito de valados durante todo marzo por toda Galicia, en preto de 300 emprazamentos.

"O que queremos é que ao ISSGA se lle identifi-

que non só como un organismo que elabora e difunde estadías de siniestralidade laboral, senón como un instrumento proactivo para que a prevención de riscos laborais se instale no traballo cotiá dos galegos e galegas", precisou Quinzá-Torreja.

A directora do ISSGA tamén incidiu en que o Plan de actividades 2010 do organismo inclúe en próximas datas unha campaña de promoción dirixida a colectivos determinados, como os escolares e alumnos e docentes de Formación Profesional.

Así mesmo, apuntou que se levarán a cabo accións de información, formación, asesoramento técnico e seguimento e control dirixidos aos autónomos e sectores considerados de alto risco dende o punto de vista da súa accidentalidade e, en especial, ás Pequenas e Medianas Empresas (Pemes). Co respecto a este último aspecto, Quinzá-Torreja lembrou que o Plan de Acción do ISSGA para 2010 incidirá nestes últimos sectores e na pesca e construción.



O mes de xaneiro pechouse cun total de 2.966 accidentes laborais en Galicia

Santiago, 28 de febreiro de 2009.- Galicia rexistrou no mes de xaneiro un total de 2.966 accidentes con baixa en xornada laboral, dos que a meirande parte, un total de 2.920 foron sinistros leves, que incrementaron o seu número respecto ao mesmo mes do pasado ano nun 20,56% ao pasar dos 2.422 de 2009 aos 2.920 de xaneiro de 2010.

Mentres, os accidentes mortais en xornada laboral en xaneiro diminuíron un 68,54% en relación co mesmo mes do ano anterior, ao pasar de trece (13) a cinco (5). En Pontevedra non se produciu ningún, un en Lugo, e dous nas provincias da Coruña e Ourense.

Os accidentes graves subiron un 10,81%, pasando de 37 en xaneiro do ano pasado a 41 neste ano. Por provincias, na Coruña experimentaron un descenso do 13,64%, ao contabilizarse 19 neste xaneiro fronte aos 22 do do ano pasado. Tamén en Lugo se deu unha diminución do 25% ao baixar de 4 a 3. Pola

contra, en Ourense, ao pasar de 2 a 4 os accidentes graves, o incremento foi do 100%, e en Pontevedra, a suba de 9 en xaneiro de 2009 a 15 accidentes graves en xaneiro de 2010 supón un aumento do 66,66%.

Neste mes non se contabilizou ningún accidente mortal en itinere, é dicir, no camiño de ida ou volta entre o domicilio e o traballo.

A análise das causas dos sinistros mortais en xornada laboral reflicte que dos cinco producidos, dous (40%) foron por "golpe sobre ou contra un obxecto inmóbil resultado dunha caída do traballador"; un por "golpe resultado dun tropezado sobre ou contra un obxecto inmóvil" (20%); un por "choque ou golpe contra un obxecto ou fragmentos proxectados" (20%), e outro por "colisión cun obxecto, vehículo ou persoa-traballador en movemento" (20%).

O Issga ten activado un plan de actuación para o

2010 a través do que se actuará prioritariamente en empresas que concentren maiores índices de siniestralidade no seu sector económico. Ademais está a traballar na posta en marcha de plans específicos en sectores de alto risco como a construción e a pesca.

Táboas de siniestralidade de xaneiro de 2010 e comparativas

Estatísticas mensuais



Os roteiros para a xuventude da Xunta ofertan 1.000 prazas para mozos e mozas de entre 18 e 30 anos

- ▶ Os interesados en participar neste programa ambiental da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado xa poden reservar a súa praza
- ▶ A finalidade da actividade é fomentar entre a mocidade o coidado polo medio e dinamizar as instalacións xuvenís da Administración autonómica en períodos nos que non se utilizan
- ▶ A iniciativa inclúe accións relacionadas coa auga, a natureza e a multiaventura na Costa da Morte e en diferentes emprazamentos da provincia de Pontevedra.

Santiago, 16 de febreiro de 2010.- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado está a organizar 'Os roteiros para a xuventude', unha actividade na que poderán participar máis de 1.000 mozos e mozas de toda Galicia de entre 18 e 30 anos.

O programa é unha iniciativa ambiental que consiste no desenvolvemento de diversas saídas de fin de semana durante os meses de marzo, abril, maio e xuño, que inclúen itinerarios de cultura mariñeira, rutas de senderismo de dificultade media, actividades náuticas e de multiaventura e de interpretación do patrimonio natural, arqueolóxico e etnográfico de Galicia.

Desta maneira, a finalidade da actividade é fomentar entre a mocidade o coidado polo medio e que os mozos coñezan os distintos contornos privilexiados que ten a Comunidade autónoma. Outros obxectivos son dinamizar as instalacións xuvenís da Xunta en períodos nos que non se utilizan, ofrecer aos mozos e mozas actividades de calidade e fomentar a ocupación positiva do tempo libre, a participación activa e o asociacionismo da mocidade galega.

O programa consta de catro actividades e localizacións específicas.

Os roteiros pola Costa da Morte terán lugar no centro de actividades Nalú, en Caldebarcos (Carnota) e inclúen catro rutas diferentes: polos concellos de Laxe, Cabana e Ponteceso no mes de marzo; por Serra de Outes, Muros e Carnota en abril; por Cee, Corcubión e

Fisterra en maio; e por Muxía e Camariñas en xuño.

A segunda das iniciativas denomínase o Roteiro n'Auga e trátase dun programa de achegamento ao medio acuático-mariño, que se desenvolverá no albergue xuvenil de As Sinas (Vilanova de Arousa) nos meses de abril, maio e xuño.

O programa multiaventura, a terceira das actividades, realizarase no albergue xuvenil de Pontemari-Forcarei (Pontevedra) ao longo de diversos fins de semana dos meses de marzo, abril e maio. As diferentes iniciativas que se levarán a cabo permitirán o contacto coa natureza ao mesmo tempo que combinará o lecer, o deporte e mailo coñecemento do contorno cultural e ambiental.

A última das accións que inclúe 'Os roteiros para a xuventude', o programa natureza e aventura, realizarase en Fornelos de Montes en marzo, abril e maio.

Cada un dos roteiros comezará o venres, entre as 19.00 e 20.00 horas, e rematará o domingo despois da comida.

A reserva da praza

Os interesados en participar na iniciativa da Xunta xa poden facer a reserva da súa praza nos números de teléfono 981 545 937/ 54 57 02 e 54 58 22, en horario de 9.00 a 14.00 horas de luns a venres. Unha vez realizada a inscrición deberase efectuar o pagamento da cota de participación no prazo máximo de 48 horas. En caso contrario, a Dirección Xeral de Xuventude e



Voluntariado disporá da praza reservada. No momento de facer a chamada indicárase a información necesaria para facer o ingreso. Na páxina web www.xuventude.net ofrécense máis datos do programa e a través do e-mail xuventude@xunta.es resolveranse todas as dúbidas.

Os posuidores do Carné Xove ou do Carné Máis deberán aboar 57 euros. A taxa para os que non dispoñan destes documentos é de 75 euros. A cobertura das actividades non inclúe os desprazamentos (nin de ida nin de volta) entre o punto de partida e o lugar onde se desenvolve a actividade.

Mato destaca que a mediación no conflito das instalacións deportivas se reforzou "ao máximo nivel" para acadar a reapertura do diálogo



- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, en resposta no pleno do Parlamento a unha

pregunta, explicou as xestións feitas pola Xunta para tratar de resolver a problemática laboral

- ▶ O director xeral de Relacións Laborais, Odilo Martiñá, e o presidente do Consello de Relacións Laborais, Demetrio Fernández, reuníronse coa patronal co obxectivo de fixar un novo encontro cos representantes sindicais e intentar reabrir a mesa de negociación.

A Xunta presenta no diálogo social medidas de todas as consellerías para paliar os efectos da crise nos distintos sectores

Santiago, 14 de febreiro de 2010.- A Xunta de Galicia vén de presentar un documento base, no marco do diálogo social, con medidas propostas por todas as consellerías co fin de atallar os efectos da crise nos distintos sectores da economía galega. De feito, estas actuacións foron presentadas aos axentes sociais e económicos en tres das catro mesas sectoriais constituídas ao abeiro deste proceso.

Galicia terá a finais de ano 4.200 prazas para persoas con discapacidade, 336 máis que no 2009

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou en Cabana de Bergantiños as dependencias renovadas do Centro de Recursos da Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra
- ▶ A titular do departamento autonómico apuntou que 166 das 336 prazas novas que se crearán estarán emprazadas na provincia da Coruña
- ▶ Mato destacou “o esforzo e impulso” feito polo Goberno galego para aumentar nos orzamentos nun 20%, o capítulo destinado á ampliación dos centros para persoas con discapacidade
- ▶ Lembrou que a Xunta está a elaborar o primeiro Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade de Galicia, unha ferramenta que garantirá o desenvolvemento dos proxectos de vida de cada unha das persoas con discapacidade.

Cabana de Bergantiños, 22 de febreiro de 2010.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, destacou que o Goberno galego está a traballar na ampliación de prazas para persoas con discapacidade e, así, apuntou que “co esforzo e impulso” feito nos orzamentos (sete millóns de euros para este fin, un 20% máis que no 2009) se incrementarán as prazas en 336, polo que se prevé que a finais de 2010 alcancen as 4.200 en toda Galicia.

Así o asegurou a titular do departamento autonómico no transcurso da inauguración do Centro de Recursos da Asociación Íntegro para a diversidade funcional das comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira e Fisterra, que aglutina 15 concellos. As instalacións renovadas contan cun centro ocupacional de 15 prazas e un centro de día de 30, dous servizos encamiñados a dotar os seus usuarios das habilidades básicas para desenvolverse na vida diaria cun programa variado de actividades.

Mato agradeceu e destacou o labor feito pola agrupación e anunciou que 166 das 336 prazas para persoas con discapacidade que se crearán en 2010 en Galicia estarán emprazadas na provincia da Coruña.

“Haberá máis prazas en centros de día, residencias e centros ocupacionais”, subliñou a conselleira, quen concretou que 241 das 336 prazas estarán dirixidas a persoas discapacitadas con dependencia e as 95 restantes a persoas con diversidade funcional con autonomía.

Ademais, Beatriz Mato explicou que o Goberno galego tamén está a preparar xa un Plan Galego para as Persoas con Discapacidade e en Risco de Exclusión, labor que se está a facer contando coas achegas das entidades do terceiro sector. A titular da área autonómica apuntou, neste sentido, que o documento irá incluído no Plan Autonómico de Emprego 2010-2013.

Outra das accións nas que traballa a Xunta para lograr a inclusión na sociedade das persoas con discapacidade é o Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade de Galicia. Ao respecto, a conselleira resaltou que “será o primeiro plan deste tipo do que disporá a nosa comunidade e que actuará como ferramenta integral e transversal para actuar no eido da diversidade funcional”.

Así, detallou que o proxecto terá en conta os diversos ámbitos nos que é necesario actuar para garantir o desenvolvemento dos proxectos de vida de cada unha das persoas, como son o traballo, a vivenda, o ocio e a participación social.

“Neste traballo contamos coa colaboración de todas as entidades, ás que agradecemos tamén o seu esforzo durante moitos anos para cubrir as necesidades sociais existentes e latentes”, engadiu Mato.

Por último, a conselleira indicou que o camiño iniciado na conformación da Comisión Sociosanitaria de Galicia permitirá detectar as necesidades e as posibilidades de compartir sinerxías entre as áreas de sanidade e da atención social. Así, concluíu afirmando que “a Xunta está a traballar en políticas que sirvan para conseguir unha Galicia pensada para todas as persoas, sen exclusión”.

A Xunta duplicará as prazas actuais dos centros de Alzheimer ata chegar ás 454 ao longo deste ano



xuntanza de traballo coa Federación de Asociacións de Alzheimer (FAGAL)

- ▶ En 2010 abrirán as súas portas un total de seis novos centros dirixidos ás persoas que padecen esta enfermidade
- ▶ Mato eloxiou o traballo que desenvolven estas asociacións e resaltou a súa relevancia como coñecedoras, de primeira man, da realidade deste colectivo.

- ▶ O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, e a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantiveron unha

Máis de 31.000 familias beneficiáronse no ano 2009 das axudas por ter a cargo fillos menores de 3 anos

Santiago, 14 de febreiro de 2010.- Preto de 31.500 familias beneficiáronse o ano pasado das axudas que concede a Xunta de Galicia por ter a cargo fillos menores de 3 anos. A Conselleira de Traballo e Benestar recibiu en 2009 un total de 37.601 solicitudes das que un 84% resolvéronse favorablemente. As restantes foron desestimadas pola Administración por non cumprir cos requisitos esixidos.

